



**CLUSTER  
DA PIZARRA  
DE GALICIA**

## **RESOLUCIÓN POLA QUE SE ACORDA A SELECCIÓN DE EMPRESA A CONVIDAR A PRESENTAR OFERTA NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA IMPLANTACIÓN DUN SISTEMA DE VENTILACIÓN EN FÁBRICA DE LOUSA**

Con data 28 de outubro de 2013 aprobáronse os pregos de condicións e de prescricións técnicas que rexen no expediente para a contratación pola Asociación Clúster da Pizarra de Galicia (en diante a A.C.P.G.), a través do procedemento negociado con publicidade, da implantación dun sistema de ventilación para a redución do risco de silicose en fábrica de lousa.

O día 29 de outubro de 2013 publicouse o anuncio de licitación no perfil do contratante da páxina web da A.C.P.G. Coa mesma data publicáronse no perfil do contratante os pregos de condicións e de prescricións técnicas.

Rematado o prazo para a presentación de solicitudes de participación de ofertas (o 4 de novembro de 2013, ás 14:00 horas, tal e como se sinalaba no anuncio de licitación), recibíuse unicamente no Rexistro da A.C.P.G. a seguinte solicitude de participación:

- **Sociedad Gestora de Mantenimientos, Instalaciones y Proyectos, S.L.**, titular do CIF B-36.579.480.

Na mesma data de 4 de novembro procedeuse á apertura do Sobre de "Solicitude de participación e documentación xeral" do licitador, para a cualificación da documentación xeral contida no mesmo, observándose defectos subsanables na documentación presentada, razón pola que foi requirido o día 5 de novembro para a súa emenda no prazo máximo de tres (3) días hábiles.

O día 7 de novembro recibíuse no Rexistro da A.C.P.G. a documentación requirida, quedando emendados en tempo e forma os defectos detectados e comunicados.

Tendo en conta o que antecede, e de conformidade coas facultades que teño conferidas en virtude dos Estatutos da A.C.P.G.,

### **ACORDO:**

**Primeiro.-** Admitir á empresa Sociedad Gestora de Mantenimientos, Instalaciones y Proyectos, S.L. ao proceso de licitación.

**Segundo.-** Cursar invitación ao licitador seleccionado para que presente a súa proposta na forma establecida nos pregos de licitación.



**CLUSTER  
DA PIZARRA  
DE GALICIA**

**Terceiro.-** Establecer como data límite para a recepción da proposta o vindeiro 22 de novembro de 2013, ás 14:00 horas.

Sobradelo de Valdeorras, 7 de novembro de 2013



**O Presidente da Asociación Clúster da Pizarra de Galicia**

Asdo. D. Víctor M. Cobo Arias